

PREGO DE CLAUSULAS TÉCNICAS PARA A IMPLEMENTACIÓN PROGRAMA MUNICIPAL DE APOIO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O Programa Municipal de apoio para a inclusión social enmárcase dentro dos servizos comunitarios básicos e específicos de actuación dos Servizos Sociais, na medida referida á "Dinamización dos Procesos Educativos".

A competencia do Concello de Santiago de Compostela para esta convocatoria responde ao recoñecemento que se lle atribúe ás entidades locais para o desenvolvemento de servizos preventivos, dirixidos á poboación en xeral e, de forma especial, para aquelas persoas que se atopen en situacións de risco.

É obxecto do presente contrato a execución do Programa municipal de apoio para a inclusión social articulando unha estratexia integral de inclusión activa, que promova medidas orientadas á inserción laboral efectiva, contribúa a minguar factores de risco social, apoie e fomente a autonomía persoal e complemente proxectos formativos cun fin prelaboral e ou laboral e social.

O obxectivo principal é o apoio e acompañamento no proceso educativo, prestando atención individualizada ás necesidades de cada un das persoas participantes, e promovendo o desenvolvemento de habilidades que lles permitan avanzar na aprendizaxe dos contidos que favorecen o seu desenvolvemento social e persoal

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

A poboación destinataria do proxecto abrangue á cidadanía empadroada en Santiago de Compostela, en especial a aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, concretamente:

- Persoas adultas en risco de exclusión social que participan dos proxectos de intervención dos servizos sociais comunitarios.
- Persoas adultas en risco de exclusión social que retornan ao sistema educativo, ben asistindo a clases de alfabetización e/ou Educación de Adultos; ou á preparación no acceso a de diferentes tipos de probas: competencias chave, graduado en ESO, graduado en ESA, probas de acceso a FP...
- Persoas novas que abandonan o sistema educativo sen obter ningún tipo de titulación.
- Persoas inmigrantes con descoñecemento ou baixo nivel de coñecemento e manexo do galego e do castelán.

En todo caso, as persoas participantes no Programa serán derivadas segundo o criterio técnico dos profesionais da Área de Benestar Social do Concello.

3.- FINS DO CONTRATO

O Programa Municipal de apoio para a inclusión social pretende facilitar o cumprimento dos itinerarios de integración social establecidos a persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social:

1

adultos pertencentes a unidades familiares que participan en diversos programas da Área. O programa pretende acadar, entre outros, os seguintes **obxectivos**:

- Organizar accións de formación que dean soporte ás estratexias de intervención deseñadas.
- Favorecer a integración, a participación e a promoción social das persoas destinatarias nos ámbitos familiar, social, cultural, político e educativo.
- Promover a mellora das competencias persoais e as habilidades sociais da poboación atendida a través da participación en diferentes actividades vinculadas a vida cotiá, ao lecer, etc.
- Crear redes de apoio social, dende unha perspectiva informal, favorecendo procesos de interiorización de factores de protección ante condutas de risco.
- Propiciar espazos que favorezan a motivación, convivencia e relación co grupo de iguais, así como o desenvolvemento da responsabilidade e autonomía persoal.
- Desenvolver alternativas de apoio educativo que favorezan a permanencia e/ou participación no sistema de formación e emprego, así como un desenvolvemento integral das capacidades, habilidades e destrezas individuais.
- Dar resposta ás necesidades educativas individualizadas de cada das persoas participantes, axudando na adquisición de habilidades e recursos que permita acadar os niveis mínimos de aprendizaxe para lograr obter unha avaliación positiva.
- Preparación no acceso a de diferentes tipos de probas: competencias clave, graduado en ESO, graduado en ESA, probas de acceso a FP

4.- PRESTACIÓN DO SERVIZO. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O Programa componse de tres áreas que se executarán mediante **catro proxectos**:

4.1. Área Pedagóxica/Didáctica que se concreta mediante a execución **dun proxecto** a desenvolver por un/ha **titulado/a de grao de mestre en educación primaria, diplomado/a en maxisterio ou equivalente**, debendo contar cunha experiencia laboral acreditable mínima de 2 anos en educación de adultos en situación e/ou risco de exclusión social:

4.1.a.- Proxecto de educación de persoas adultas: Ten como obxecto dotar dos coñecementos necesarios para que as persoas participantes poidan presentarse ás probas oficiais de diferentes niveis: acceso a Ciclos Medios e Superiores, Ensino Secundario para Adultos (ESA), ou Competencias Clave...

Destinatarios:

- Persoas adultas en risco de exclusión social que retornan ao sistema educativo formal e non formal.
- Persoas novas que abandonan o sistema educativo sen obter ningún tipo de titulación.
- Persoas inmigrantes con descoñecemento ou baixo nivel de coñecemento e manexo do castelán.

Contidos do proxecto:


- Alfabetización.
- Preparación das probas de competencias clave.
- Preparación das probas libre Graduado en ESO.

- o Preparación das probas de acceso a FP.
- o Ensinanza de Español e Galego para inmigrantes.

Execución: 30 horas semanais, de luns a venres, en xornada de mañá e tarde, para programación, docencia e avaliación. Tendo en conta a natureza e singularidade do traballo a desenvolver, o espazo de desenvolvemento e os contidos das actuacións, o horario será flexible, podendo variar na medida en que a execución da algunha das actividades así o requirise.

Duración: Este proxecto desenvolverase dende o inicio da contratación do Programa ata o 30 de xuño de 2017.

Lugar: Casa das Asociacións de Benestar Social.




4.2.- Área de competencia persoal que se concreta mediante a execución de dous proxectos a desenvolver por un/ha diplomado/a ou grao en educación social, en xornada de mañá e tarde. Deberá contar cunha experiencia laboral acreditable mínima de 2 anos no deseño e desenvolvemento destas accións con colectivos en situación e/ou risco de exclusión social:

4.2.a.- Proxecto preformativo. Ten por obxecto a adquisición e mellora de habilidades sociais básicas e avanzadas que incrementen a competencia social, persoal e laboral.

Destinatarios: Persoas adultas en risco de exclusión social que participan dos proxectos de intervención dos servizos sociais comunitarios.

Contidos do proxecto:

- 
- o Comunicación eficaz e linguaxe asertiva.
 - o Formación en habilidades sociais: comunicación/relacionais.
 - o Técnicas de busca activa de emprego.
 - o Alfabetización dixital.
 - o Busca activa de Emprego a través de internet.
 - o Incorporación ao posto de traballo: adaptación ao posto, traballo en equipo.
 - o Outros..

Execución: 8 horas semanais, de luns a venres, en xornada de mañá e tarde para planificación, execución, coordinación e avaliación tanto de carácter individual como grupal, así como a realización de acompañamento e acercamento aos recursos sociocomunitarios e laborais e de apoio na avaliación de situacións individuais.

Tendo en conta a natureza e singularidade do traballo a desenvolver, o espazo de desenvolvemento e os contidos das actuacións, o horario será flexible podendo variar na medida en que a execución dalgunha das actividades así o requirise.

Duración: Este proxecto desenvolverase dende o inicio da contratación do Programa ata o 30 de xuño de 2017.

Lugar: Casa das Asociacións de Benestar Social.

4.2.b.- Proxecto de desenvolvemento persoal e social: Ten por obxecto o desenvolvemento das capacidades e destrezas individuais e sociais que melloren a autonomía da persoa.

Destinatarios: Persoas adultas en risco de exclusión social que participan dos servizos sociais comunitarios a través de proxectos de intervención.

Contidos do proxecto:

- **Ámbito Persoal:**
 - Habilidades básicas de imaxe persoal e autocoidado
 - Realización de acompañamentos aos usuarios no marco deste proxecto
 - Resolución de conflitos
 - Outros
- **Ámbito das relacións familiares**
 - Mellora das dinámicas relacionais (familia, parella, contorna...)
 - Outros
- **Ámbito sanitario**
 - Movemento e saúde
 - Promoción hábitos de vida saudables
 - Outros
- **Ámbito educativo**
 - Relación familia e escola
 - Responsabilidades parentais no ámbito escolar
 - Outros
- **Área ocio e tempo libre**
 - Organización de tempo e tarefas
 - Outros
- **Área organizacional**
 - Organización económica e doméstica
 - Outros
- **Vivenda: dereitos e deberes**
 - Xestión e mantemento da vivenda
 - Arranxos básicos no fogar



- Funcionamento comunidades de propietarios: obrigas – deberes
- Outros
- Ámbito comunitario
 - Escola de cidadanía (achegamento á caracterización e funcionamento das Institucións Públicas)
 - Outros

Execución: 12 horas semanais, de luns a venres, en xornada de mañá para o deseño, programación, execución, coordinación e avaliación tanto de carácter individual como grupal. Tendo en conta a natureza e singularidade do traballo a desenvolver, o espazo de desenvolvemento e os contidos das actuacións, o horario será flexible podendo variar na medida en que a **execución** dalgunha das actividades así o requirise.

Duración: Este proxecto desenvolverase dende o inicio da contratación do Programa ata o 30 de xuño de 2017.

Lugar: Casa das Asociacións de Benestar Social.

4.3.- Área de traballo Transversal que se concreta mediante a execución dun proxecto a desenvolver por un/a monitor/a con formación básica en bacharelato, FP2, ciclo superior ou equivalente, e formación complementaria no ámbito do ocio e tempo libre. Contará tamén cunha experiencia laboral acreditable mínima de 6 meses en atención á infancia.

4.3.a.- Proxecto de conciliación da vida laboral e familiar. Proxecto de carácter transversal que ten como finalidade favorecer a conciliación familiar e laboral e cuxo obxecto é favorecer a participación das persoas nas accións formativas desenvolvidas nas **Áreas 4.1 e 4.2.**

Destinatarios: Menores de idades comprendidas entre 3 e 12 anos, cuxos proxenitores participen nas accións formativas programadas nas **Áreas 4.1 e 4.2.**

Contidos do proxecto:

- Coidado e atención dos menores en períodos de vacacións escolares, salvo festivos, para favorecer a participación dos proxenitores nas accións formativas programadas.
- Implementación de proxectos individualizados de ocio e tempo libre acordados coas idades dos menores, que favorezan procesos participativos e inclusivos dos participantes

Execución: 3 horas ao día, de luns a venres, **agás festivos**, en xornada de mañá nos días sinalados no seguinte apartado Duración. Tendo en conta a natureza e singularidade do traballo a desenvolver, o espazo de desenvolvemento e os contidos das actuacións, o horario será flexible podendo variar na medida en que a execución dalgunha das actividades así o requirise.

Duración: Este proxecto desenvolverase dende o inicio da contratación do Programa ata o 30 de xuño de 2017, limitado aos períodos de vacacións escolares:

- o Vacacións de Nadal 2016
- o Vacacións de Entroido 2017
- o Vacacións de Semana Santa 2017

Lugar: A determinar.

5.- RECURSOS HUMANOS.

O servizo deberá ser prestado por empresas especializadas na actividade obxecto do presente prego, e con capacidade para atender os servizos que lle sexan solicitados polo Concello de Santiago. A tal fin disporá do persoal preciso para a execución do contrato conforme ás prescricións e niveis de calidade esixidos polo contratante, con categorías profesionais e cualificación suficiente para a realización das súas actividades, coas retribucións, e condicións laborais que se establezan nas normas legais e regulamentarias e convenios e acordos aplicables en cada momento.

O contido dos traballos a desenvolver pola empresa adxudicataria son os propios do perfil formativo e profesional que se define para desenvolver os proxectos que se recollen nas tres areas do programa referidos no punto nº 4 do presente prego.

A contratación do persoal necesario abranguerá toda a duración da prestación do servizo.

6.- CONDICIÓN XERAIS

Serán por conta do adxudicatario as obrigas que a lexislación e o convenio colectivo de aplicación establezan, en canto ao persoal integrante, destinado a realizar o traballo de asistencia técnica.

O persoal que achegue ou empregue o adxudicatario para a realización dos traballos de asistencia técnica dependerá única e exclusivamente de dita empresa, que asumirá a condición de empresario con todos os dereitos e deberes respecto a dito persoal, sen que, en ningún caso, resulte responsable o órgano de contratación das obrigas do contratista e os seus traballadores, aínda cando o despido e medidas que adopten sexan como consecuencia, directa ou indirecta, do cumprimento, rescisión ou interpretación do contrato. O persoal contratado non terá vinculación algunha de tipo laboral co Concello.

A contratación do persoal necesario por parte do adxudicatario poderá realizarse por calquera das modalidades previstas na normativa laboral e nos convenios vixentes nos respectivos sectores de actividade.

O adxudicatario terá a obriga de substituír ao persoal que desenvolve as actuacións contempladas no proxecto con outro/a de igual titulación e experiencia equiparable, tanto nos períodos de vacacións estacionais como en continxencias como baixas, ou calquera outra que se presente; de xeito que se

garanta, durante todo o período de vixencia do contrato, o total dos profesionais que se relacionan neste prego.

O adxudicatario estará obrigada a cumprir coa normativa laboral e de seguridade social en materia de contratación do persoal. Así mesmo, deberá garantir o cumprimento da normativa autonómica, nacional e comunitaria aplicable, así como a observancia dos principios de transparencia e eficiencia esixibles en calquera intervención financiada con fondos públicos.

7.- DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Serán condicións específicas de obrigado cumprimento para a entidade ou empresa contratista, ademais das contidas especificamente na cláusula 5, e noutras cláusulas deste Prego, as seguintes:

- Asumir as instrucións técnicas que se diten dende a Área de Benestar Social da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, que poderán realizar calquera suxestión sobre o desenvolvemento do proxecto e a organización de actividades, sendo ademais encargadas da avaliación continua.
- Asumir o correcto funcionamento do programa, con continuidade e regularidade, así como os danos que o seu persoal poida ocasionar, sen que esta responsabilidade repercuta, en ningún caso, no Concello de Santiago de Compostela.
- Facer un bo uso das instalacións e moblaxe propiedade do Concello. O adxudicatario manterá en perfecto estado de conservación e funcionamento todos os medios que se lle proporcionan, obrigándose a repoñer ao seu cargo todo o instrumental deteriorado, inservible, obsoleto ou extraviado durante a prestación do servizo.
- As instalacións e moblaxes cedidas para a prestación do servizo só poderán ser destinadas á execución do mesmo, sen que en ningún caso o adxudicatario poda desenvolver outras actividades alleas á Concellaría de Políticas Sociais Diversidades e Saúde.
- Desenvolver directamente as medidas, accións e actividades do Programa, contando cos medios materiais e técnicos suficientes para o desenvolvemento das actuacións contempladas neste proxecto.
- Manter xuntanzas de coordinación co persoal técnico da Área de Acción Social que se determine; informándolles puntualmente daqueles incidencias relevantes en relación co desenvolvemento do programa.
- Achegar canta información sexa requirida, así como someterse ás actuacións de comprobación, verificación e as de control financeiro do Concello de Santiago de Compostela, así como calquera outras de comprobacións, que podan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información sexa requirida no exercicio das actuacións deste contrato.

8.- DURACION DO CONTRATO

O programa estará vixente dende o inicio da súa contratación ata o 30 de xuño de 2017. Cabe a posibilidade de prórroga no curso académico 2017-2018 (ata o 30 de xuño de 2018), que estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

9.- ORZAMENTO

O financiamento do proxecto se realizará con cargo aos orzamentos dos anos 2016 e 2017, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato en cada un dos exercicios.

O orzamento máximo do Proxecto é de **41.992,34 €** (a actividade está exenta de IVE), distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2016: 16.972,38 €

- Proxecto de educación de adultos
- Proxectos pre-formativos (habilidades sociais e relacionais básicas)
- Proxecto de desenvolvemento persoal e social
- Proxecto de conciliación da vida laboral e familiar en períodos vacacionais (menores de 3 a 12 anos)

Anualidade 2017: 25.019,96 €

- Proxecto de educación de adultos
- Proxectos pre-formativos (habilidades sociais e relacionais básicas)
- Proxecto de desenvolvemento persoal e social
- Proxecto de conciliación da vida laboral e familiar en períodos vacacionais (menores de 3 a 12 anos).

10.- FORMA DE PAGAMENTO

- A facturación realizarase a mes vencido polo conxunto do traballo reflectido neste prego e efectivamente desenvolto nese período. A factura acompañarase dun informe detallado das actuacións desenvolvidas durante dito período.
- O informe deberá ser validado polo técnico designado do Area de Benestar Social previamente a dar a conformidade á factura que se presente, e recollerá:
 - Unha descrición pormenorizada da actividade realizada.
 - Un listado co número e os nomes dos participantes, recollendo a asistencia e/ou ausencias (con indicación así mesmo de si estas son xustificadas ou sen xustificar), así como un

- pequeno informe de seguimento e evolución.
 - o Un listado de posibles incidencias xurdidas.
- Ao finalizar o contrato a empresa adxudicataria deberá presentar na Concellería de Servizos Sociais unha memoria de avaliación na que se determinará exhaustivamente o traballo realizado e o grao de consecución de obxectivos, con detalle dos impactos alcanzados e desenvolvidos ao amparo do Programa, seguindo as instrucións da propia concellería. A memoria deberá ser remitida, tanto en soporte papel como en soporte informático.

11.- DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO E DO ADXUDICATARIO.

En particular, ademais das obrigas recollidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establécense as seguintes especialidades:

11.1.- Prerrogativas e dereitos do Concello:

- a. Supervisar e controlar o cumprimento das obrigas do adxudicatario.
- b. Impoñer ao adxudicatario as penalidades pertinentes por razón dos incumprimentos nos que incorra.
- c. Na ordenación xurídica da concesión se terá como principio básico que o servizo concedido seguirá ostentando en todo momento a cualificación de servizo público do Concello de Santiago de Compostela.
- d. Realizar discrecionalmente, como si xestionara directamente o servizo, modificacións por razón de interese público, de conformidade co establecido na lexislación sobre contratos administrativos
- e. Adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter xeneral como de carácter concreto, mediante instrucións xerais, para garantir o bo funcionamento do proxecto en tódolos seus aspectos.
- f. Requirir á entidade contratante, de xeito motivado, a substitución do persoal asignado ao Programa, sempre que este demostrase a súa inadecuación para o desenvolvemento do mesmo. A tal efecto, e se transcorrido un período máximo de 2 meses desde o inicio do desempeño dun profesional, o desenvolvemento do Programa non é satisfactorio, procederase a solicitar á entidade contratante a substitución por outro profesional de similares características.

11.2.- Obrigas do Concello:

- a. Supervisar o desenvolvemento do Programa Municipal de Apoio para a Inclusión Social
- b. Establecer xuntanzas entre o persoal técnico da Área de Acción Social e os profesionais da empresa encargada do desenvolvemento do Programa.

11.3.- Dereitos da empresa adxudicataria:

- a. Dereito de percibir do Concello de Santiago de Compostela, a contraprestación económica que se estableza no acordo de adxudicación do contrato polos servizos prestados.
- b. Outros que tivera recoñecidos no ordenamento xurídico ou viñeran determinados no prego de cláusulas administrativas.

12.- IGUALDADE DE XÉNERO

Todas as actividades asociadas á execución deste Contrato incorporarán a perspectiva de xénero.

13.- LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos escritos que se deriven desta relación contractual entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa adxudicataria redactaranse en lingua galega.

O adxudicatario poñerá á fronte dos servizos obxecto deste contrato, persoal con competencia lingüística abonda para desenvolver todas as actividades en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos individuais das persoas usuarias cando estas así os demanden.

14.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O adxudicatario e o seu persoal deberán manter a confidencialidade dos datos que lles sexan facilitados en execución das condicións previstas, non podendo utilizalos máis que para as finalidades estritas que se deriven do cumprimento do obxecto deste contrato, nin os comunicará ou cederá a ningunha entidade, empresa ou persoa diferente da persoa interesada, sen a expresa autorización do órgano competente do Concello.

15.- COBERTURA DE RISCOS

Os posibles danos de carácter físico ou material, así como as indemnizacións que puidesen producirse a terceiros no exercicio das tarefas recollidas no presente Prego de Prescricións, deberán atoparse cubertos polo adxudicatario mediante a correspondente póliza de responsabilidade civil.

16.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O adxudicatario deberá estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, especialmente ao recollido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais, e as modificacións posteriores.


Nun prazo non superior a 30 días naturais desde que se lle comunique a adxudicación do concurso obxecto deste prego, a empresa deberá achegar á Área de Acción Social a documentación relativa á Avaliación de Riscos e Plans de prevención de todos os postos de traballo necesarios para a prestación do servizo.

Antes do comezo da súa actividade, terá que comunicar á Área de Acción Social o nome da persoa que actúe como Delegado de Prevención.

17.- PROPOSTA TÉCNICA

As empresas interesadas no contrato deberán presentar unha proposta técnica que describa o enfoque e tratamento que pretenda darlle ao traballo a contratar, así como unha valoración económica do mesmo.

A proposta técnica deberán incluír:

- 
1. **Definición dos obxectivos que se fixa a empresa para a prestación dos servizos:**
 - A) **Área Pedagóxica / Didáctica**, que se concreta mediante a execución de un proxecto:
 - A.1.- Proxecto de educación de adultos
 - B) **Área de competencia persoal**, que se concreta mediante a execución de dous proxectos:
 - B.1.- Proxectos preformativos
 - B.2.- Proxecto de desenvolvemento persoal e social
 - C) **Área Transversal**, que se concreta mediante a execución de un proxecto:
 - C.1.- Proxecto de conciliación da vida laboral e familiar
 2. **Metodoloxía de traballo proposto.** Memoria descritiva das tarefas que se pretenden desenvolver para unha correcta prestación da asistencia técnica, así como organización da prestación do servizo.
 3. **Presentación curricular da empresa.** Breve descrición das características da empresa, dos recursos e medios técnicos que ofrece para a prestación, motivando a súa idoneidade para a súa participación na presente licitación
 4. **Relación nominal do persoal que destinará para a execución da prestación.** Achegarase un CV con indicación da súa titulación, experiencia laboral con detalle do ámbito, e formación complementaria relacionada co obxecto do traballo.
 5. **Proposta de calendario e distribución horaria.** Achegarase unha proposta de temporalización, que teña en conta as peculiaridades do calendario escolar e as posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar.
 6. **Orzamento**, con indicación do prezo global das tarefas e conceptos propostos.

Santiago de Compostela, 9 de Xuño de 2016



Margarita Vázquez Teo
Educatora Social



Vº.P. Angeles Botas Piñón
Xefa de sección de Servizos Sociais

ANEXO: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A) Criterios non evaluables en forma de cifras ou porcentaxes

MELLOR PROPOSTA TÉCNICA. Presentada conforme ao establecido no prego técnico, a memoria explicativa reflectirá o proxecto técnico, a proposta pedagóxica, a metodoloxía utilizada para o desenvolvemento do servizo, que terá en consideración as características da poboación á que vai destinada e a súa adecuación ao contexto dos Servizos Sociais, así como aos contidos, perfil técnico etc.

Ata un máximo de 20 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

- Proxecto de desenvolvemento que presenta a empresa para a prestación do servizo, e adecuación xeral ao obxecto do contrato. **8 puntos**
- Plan de calidade implantado e controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais. **2 punto.**
- Metodoloxía de traballo proposta. Memoria descritiva das tarefas que se pretenden desenvolver para unha axeitada prestación da asistencia técnica, metodoloxía didáctica e actividades e proxectos para as persoas usuarias: **ata 10 puntos.**
 1. Funcionamento e organización do programa. Valorarase a utilización dunha metodoloxía de traballo participativa, dinámica e activa. **Ata 2,5 puntos.**
 2. Soportes documentais para o seguimento e control do servizo: informe da asistencia, participación, evolución do alumnado... Valorarase a claridade, exposición de contidos e sinxeleza do formato utilizado. **Ata 2,5 puntos.**
 3. Proposta de calendario e horario das actividades. Valorarase a adecuación ao favorecemento dos procesos de conciliación da vida laboral e familiar (calendario escolar, xornada laboral, necesidades dos menores e as familias...). **Ata 2,5 puntos.**
 4. Variedade das actividades programadas. Valorarase a diversidade, innovación e creatividade no deseño e implementación das accións formativas, así como o nivel de concreción das mesmas. **Ata 2,5 puntos.**

B) Criterios avaliados en forma de cifras ou porcentaxes

1.- MELLOR OFERTA ECONÓMICA. Valorarase o importe global do proxecto en función das propostas elaboradas por cada entidade licitadora **ata un máximo de 10 puntos.**

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de 'prezo máis baixo da oferta'. Obtida a orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 10 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

Pn: Puntuación da oferta
Pm: Puntuación máxima posible (10 puntos)
Ob: Importe da oferta máis baixa
On: Importe da oferta a puntuar

2.- Compromiso de acompañamento e titorización dos alumnos ás probas oficiais ás que se presenten: Competencias Clave, Graduado en ESO, Bacharelato, acceso a Ciclos Medios e Superiores e Acceso á Universidade. **2 puntos.**

O titor deberá:

5. Acompañalos no desprazamento (no caso de ser fora de Santiago)
6. Asistencia e permanencia no recinto durante a realización das probas
7. Acompañalos no regreso (no caso de ser fora de Santiago)

3.- Posta a disposición dun servizo de transporte (ida e volta) para os traslados pertinentes a todas as probas (Competencias Clave, Graduado en ESO, Bacharelato, acceso a Ciclos Medios e Superiores e Acceso á Universidade), cando se celebren fora do termo municipal de Santiago de Compostela. **4 puntos.**

4.- Participación doutros perfís profesionais na implementación dos proxectos da **Area de competencia persoal a maiores das horas establecidas para este proxecto.** Admitirase a participación dos seguintes perfís profesionais na implementación dos proxectos da Area de competencia persoal descritos con anterioridade. **Ata un máximo de 6 puntos.**

A) **Proxecto preformativo: Outorgaranse 0,5 puntos por cada hora mensual de docencia, ata un máximo de 3 puntos.**

Perfís profesionais a valorar:

- a) Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
- b) Orientador/a laboral, cunha experiencia mínima acreditada de 2 anos.

B) **Proxecto de desenvolvemento persoal e social: Outorgaranse 0,5 puntos por cada hora mensual de docencia en calquera dos ámbitos (sempre que sexan distintos), ata un máximo de 3 puntos.**

Perfís profesionais a valorar:

- A) **Ámbito Persoal:**
 - Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
 - FP/Ciclo formativo da rama de imaxe persoal (habilidades básicas de imaxe persoal e autocoidado)
- B) **Ámbito das relacións familiares**
 - Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
- C) **Ámbito sanitario**
 - Licenciatura/Grao en Medicina,

- Licenciatura/Grao Nutrición Humana e Dietética,
 - Diplomatura/Grao Enfermería
- D) **Ámbito educativo**
- Orientador/a escolar, cunha experiencia mínima acreditada de 2 anos
- E) **Área ocio e tempo libre**
- Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
- F) **Área organizacional**
- Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
- G) **Vivenda: dereitos e deberes**
- Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía
- H) **Ámbito comunitario**
- Licenciatura/Grao en Psicoloxía ou Psicopedagogía

5.- CLAUSULAS SOCIAIS. Outorgaranse ata un máximo de 3 puntos.

- I) **Proxecto de formación anual continua do persoal adscrito ao contrato**, relacionada coas tarefas obxecto do contrato, con descrición de cada unidade formativa: contido, número de horas das unidades de formación, presencial ou a distancia e perfil profesional ao que se dirixen. **Ata un máximo de 1 puntos:**
- 0,25 puntos por cada acción formativa anual, realizadas e pagadas a todo o persoal, que supere as 15 horas: **ata un máximo de 1 punto.**
- J) **Contratación de colectivos desfavorecidos. Valorarase con ata un máximo de 1,5 puntos** o compromiso de contratación de persoas inscritas no Servizo Público de Emprego como desempregadas ou en mellora de emprego, pertencentes a colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social. Concederanse 0,5 puntos por cada persoa contratada que responda a este perfil.

A estos efectos, terán a consideración de factores de exclusión os seguintes:

- a) Ter a condición de parado de longa duración
- b) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- e) Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- g) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- h) Ter solicitado ou ser perceptor de prestación ou subsidio por desemprego, Renda Activa de Inserción ou rentas mínimas

- K) **Implementación de medidas de conciliación da vida laboral e familiar.** Obrigatoriamente deberán incluír melloras sobre a redución de xornadas, excedencia, licencias ou permisos de paternidade ou maternidade, así como de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios en función das necesidades de conciliación, sempre que sexan compatibles coas necesidades de desenvolvemento do programa. Pola proposta de medidas que a entidade licitadora se comprometa a implantar con este obxectivo, **outorgaranse 0,5 puntos.**